



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

#### **Ordenanza Municipal reguladora da protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Fisterra**

Sendo necesario aprobar unha Ordenanza Municipal reguladora da protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Fisterra, co obxectivo principal de coidar da debida conservación dos camiños e vías públicas municipais, desenvolvendo unha normativa municipal que regulará o uso axeitado destes por parte dos usuarios que pretendan, entre outras actividades, a realización de labores de xestión forestal, como son as operacións de corta e saca de madeira, xa que son os que maior repercusión negativa teñen sobre este tipo de pistas e camiños municipais, moitos dos cales non están deseñados para soportar o tráfico dos vehículos pesados empregados nas actividades referidas, visto o Informe de Secretaría-Intervención obrante no expediente,

Visto que en data de 08/01/2025 procedeuse á publicación na Sede Electrónica e a Páxina Web do Concello de Fisterra do anuncio de Consulta pública para recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas, durante un período de vinte días hábiles, sobre a aprobación dunha Ordenanza Municipal reguladora da sobre a protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Fisterra, sen que consten presentadas alegacións ou aportacións á mesma.

Visto o borrador de Ordenanza Municipal reguladora da sobre a protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Fisterra, redactado polo persoal técnico ao servizo do Concello de Fisterra.

#### DISPOÑO

**PRIMEIRO.** Que en aplicación do disposto no artigo 133.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas se publique esta Providencia xunto co texto do borrador de Ordenanza Municipal reguladora da sobre a protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Fisterra no Portal Web e na Sede Electrónica do Concello para realizar o trámite de audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais podan facerse por outras persoas ou entidades, durante un período de vinte días hábiles.

**SEGUNDO.** Que, tras a realización do trámite de información pública, continúe a tramitación do expediente.

A Alcaldesa – Presidente

Área Domínguez Sisto

Fisterra, 19 de febreiro de 2025.